# A PENEIRA

FORO

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 3 | Edición nº 35 | Novembro de 2020 | PRECIO 2 EUROS



**Plataforma pro monumento ás vítimas do 1936 en Salvaterra**
Páxina 4

**A Deputación de Pontevedra presentou o Orzamento 2021**
Páxina 5

**Damián Copena gaña o VIII Premio "Fermín Bouza Brey"**
Páxina 6

**Comezan as obras do Plan Integral de Mellora da Accesibilidade nas Neves**
Páxina 9

**Covelo estrea unha praza na Lamosa e a nova rede de saneamento na Graña**
Páxina 10

**A Xunta implantará un Grupo de Emerxencia Supramunicipal na Cañiza**
Páxina 11





# O Castelo de Sobroso recuperará o seu esplendor grazas á Deputación

Páxina 5

## Portugal - Alto Minho


**Alto Minho com o triplo de casos ativos de COVID-19 em apenas um mês**
Páxina 12

**“Deixem-nos trabalhar”- protesto do sector da hotelaria em Valença**
Páxina 13

**Situação complicada no Lar “Bom Jesus Dos Mareantes”, em Caminha**
Páxina 14

**Mais sete empresas nos Parques Empresariais dos Arcos de Valdevez**
Páxina 15



Centro de Negocios Lebosende s.l.

Servicios Agrupados

Mediación de seguros - Gestoría administrativa - Extranjería

Asesoría laboral, fiscal, contable - Compra y venta de activos inmobiliarios

servicioscag@gmail.com - grupoproygal@gmail.com - 648 886 768 - 988 475 504

## EDITORIAL

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco



# Ás voltas coas memorias históricas

Nestes tempos de memorias históricas, España precisa afrontar a súa sobre o seu pasado mais recente. E precísao con urxencia porque, durante moitos anos, neste país predominou a cultura da "des-memoria", como se fora unha especie de lei non escrita.

Por suposto, con excepcións. En 2007, o goberno de Zapatero impulsou a Lei de Memoria Histórica. Hoxe, en 2020, Pedro Sánchez amplíao co anteproxecto de Lei de Memoria Democrática. Neste tránsito de trece anos, a memoria histórica en España ten sido un camiño complexo, non sempre cargado de consensos.

A memoria histórica é un feito imprescindible en tódalas sociedades que buscan con honestidade a reconciliación co seu pasado. No caso español, esa busca da memoria histórica segue a definir, directa ou colateralmente, a súa vida política, social e cultural.

No editorial anterior falábamos sobre que conmemorar o 12 de outubro, un debate histórico onde non sempre hai consensos. Como tampouco existen cando se aborda a memoria histórica no debate político español. Incluso hoxe hai un panorama político distinto. En tempos de ZP non existían nin VOX nin Podemos. Hoxe, con Sánchez na Moncloa, Podemos está na coalición gobernamental mentres VOX é a terceira forza política parlamentaria. Entre ámbolos dous confróntanse antagonismos sobre a narrativa desa memoria histórica.

Pero a memoria histórica española tamén ten incidencia en autores estranxeiros. Dende a miña humilde perspectiva, sempre observei con atención como aqueles hispanistas de orixe anglosaxón, que fixeron do mundo ibérico o seu obxecto de estudo, foron quen de escribir, con notable equilibrio científico e pedagóxico, a historia de España.

Destaco aquí a prestixiosos hispanistas como Paul Preston, Hugh Thomas, Stanley Payne, Gabriel Jackson, Raymond Carr, John Elliot, John Lynch, Gerald Brennan e tantos outros. Tamén importantes historiadores españois como Pierre Vilar e Josep Fontana, así como o importante papel xogado pola Editorial Ruedo Ibérico dirixida por José Martínez dende París, cuxos estudos foron proscritos naqueles anos do "tardo-franquismo".

Escribir sobre ese pasado histórico que constantemente volve é unha tarefa sempre sinuoso. Hoxe, o clima político español está observando o revival dunha retórica "guerracivilista" dende algúns ángulos políticos, cuxo pulso observamos incluso cando se suscitan polémicas en torno aos cambios de nomes históricos nas rúas. E tamén da persistencia daquela noción das "dúas Españas", da monárquica e da republicana, hoxe tan en voga. É neste contexto onde entra no debate a Lei de Memoria Democrática.

Fai exactamente un ano, os restos do ditador Franco saían do Vale dos Caídos. Un xesto de forte calado simbólico porque finalizaba así unha era. Pero que, visto o actual panorama político, non pecha exactamente moitas feridas. As pasións ideolóxicas e políticas seguen a marcar o paso e entorpecen a necesaria reconciliación vía memoria histórica. E mais aínda nestes tempos de polarización política e malestar social, moitas veces azuzadas pola preponderancia dos "fake news".

Como na colonización de América, sería xustiza que o Estado español, como institución, dera tamén un paso adiante para pedir perdón. Perdón por tantos mortos en cunetas e fosas comúns, agardando ser algún día recoñecidos e reivindicados. Con xustiza, fuxindo de intereses políticos e electoralistas.

Ese debe ser o reto da Lei de Memoria Democrática. E tamén aprender das lúcidas lecturas deses hispanistas, ibéricos e estranxeiros, que sen abandoar o rigor científico, tamén viviron con pasión o estudo e a interpretación da historia española.

## HUMOR

HARCA







FORO A PENEIRA

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e correción**: Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 226-2018

# O Concello de Salvaterra ven de aprobar a bonificación do ICIO solicitada pola empresa Albo para a súa instalación na Plisan

A finais do ano 2018 o Concello de Salvaterra de Miño levaba a Pleno a adhesión ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia” e, en consecuencia a modificación das ordenanzas fiscais do IBI, IAE e ICIO. Ante a incipiente fuga de empresas cara Portugal o Equipo de Goberno considerou de vital importancia a adhesión do municipio a este protocolo para darlle saída a riqueza territorial que temos na PLISAN, aproveitando deste xeito os recursos que a mesma ofrece.



Naquel momento esta iniciativa saíu adiante soamente cos votos favorables do Equipo de Goberno, xa que a oposición rexeitaba esta modificación coa única escusa da redución de ingresos por parte do Concello, mentres que o goberno apostaba pola creación de emprego para os seus veciños e veciñas.

O paso do tempo confirmou a necesidade de dita bonificación, xa que a situación de crise cobrou por desgraza unha magnitude moi importante. A posta en marcha da PLISAN é clave para a economía local e de toda a comarca, e se hoxe falamos dunha realidade, como é ALBO isto é gracias ao traballo conxunto das administracións e das facilidades adoptadas por este Concello. A instalación de Albo vai supor a consolidación de preto de 200 postos de traballo, máis da metade emprego feminino, e a creación de 22 novos postos de traballo. Ademais marcará un antes e un despois no “efecto chamada” e atracción de posibles empresas que valoren instalarse na PLISAN.

Con todo isto, no Pleno da Corporación quedou aprobada a solicitude de Hijos de Carlos Albo SL para a bonificación do ICIO, un factor determinante á hora de elixir Salvaterra como ubicación para a súa nova empresa, a pesares do voto en contra do BNG e da abstención do PSOE. Este Equipo de Goberno considera que a creación dos postos de emprego urxe e ten maior importancia que os ingresos directos por parte duns impostos á empresa, que lonxe de confirmar a chegada da conserveira, podería traer consigo unha fuga da mesma cara outro emprazamento estragando a intención deste Concello de xerar todos estes postos de traballo e garantir un futuro a nosa poboación.

# Salvaterra organiza un ano máis unha campaña de prevención da violencia de xénero nos seus centros educativos

Os colexios de Salvaterra de Miño participan no proxecto Prevención da Violencia de Xénero en Educación, a través do Concello e subvencionado pola Deputación de Pontevedra.




O Concello considera que é un programa moi importante para @s nos@s pequen@s. O obxectivo do mesmo é favorecer as relacións de xénero saudables, baseadas na igualdade, no respecto mutuo e na liberdade individual; anticiparse ao establecemento das relacións asimétricas entre o home e a muller que supoñan o sustento da violencia de xénero nas súas distintas modalidades, ademais de apoiar ao profesorado na educación emocional do alumnado.

O programa vai dirixido ao alumnado e profesorado de 3º e 4º de primaria do CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares, o número aproximado de participantes será de 215.

Todas as actividades serán presentadas e programadas xunto cos centros educativos durante o mes de novembro, uns de forma presencial e outros de forma online. No CEIP Infante Felipe as xornadas serán a semana do 2 ao 6 de novembro, xoves e venres, a semana do 9 ao 13 de novembro, xoves e venres, e a semana do 16 ao 20 de novembro, xoves e venres ; o CEP Carlos Casares os mércores 11, 18 e o xoves 26 de novembro. Sesións de 09:40 a 10:30 e de 10:30 a 11:20; e por último CEIP leirado (online) martes 3, 10 e 17 de novembro de 10:00 a 10:50 con terceiro e de 10:50 a 11:40 con cuarto.

Ademais este programa inclúe como novidade a elaboración dun vídeo onde se mostrarán esas accións e obxectivos a cumprir, que se irá elaborando de aquí a finais de curso.

Con iniciativas como estas o Concello pretende que @s nos@s nen@s obteñan unha educación baseada na integración, igualdade e respecto.



# Plataforma pro monumento ás vítimas do golpe de estado de 1936

O pasado 7 de outubro ficou constituida en Salvaterra de Miño a Plataforma pro monumento ás vítimas do golpe de estado de 1936.

Tendo en conta que de Salvaterra fusilaron a máis de once persoas, entre eles o Tte. de Alcalde José Domínguez de Corzáns, no territorio do concello pasearon a uns dez, entre eles o concelleiro Bernardo Bernárdez de Alxén, o Alcalde Manuel Mariño logrou fuxir, represaliaron e depuraron a bastantes máis e obrigaron a ir á guerra a moitisimos máis.

Faise imprescindible que estes feitos non queden no esquecemento polo que Salvaterra non pode quedar indiferente ante o sucedido. É de xustiza, despois de tantos anos, que esas vítimas teñan o recoñecemento que se merecen, do mesmo xeito que para os seus descendentes e os veciños en xeral non caian no esquecimento.

As persoas adheridas a esta plataforma fano voluntariamente a título individual, sen xerarquías nin estrutura piramidal, pluralista e incluínte, intentando acadar a maior amplitude de participación responsable e respectuosa con todas as opinións e visións.

Como tal non pertence a ningún partido político, é un medio onde se asumen e se exercen os dereitos e obrigacións como cidadanía. Non hai estatutos, nin se vai a dar de alta en ningún lugar, tan só defende uns obxectivos prioritarios.

Dadas as dificultades de reunión nestes intres polo Covid-19, casi tódalas participacións fanse a través de correo-e, teléfones e grupo de wasab.

**Obxectivos da plataforma:**

a) Acadar que se erga un monumento na honra das vítimas do golpe de estado de 1936 en Salvaterra.

b) Fomentar a publicación dun libro sobre o que aconteceu en Salvaterra.

c) Lograr a exhumación dos 5 asasinados que están soterrados no adro da igrexa de Cabreira.

d) Traballar para que desaparezan todos os vestixios de exaltación fascista no Concello.

e) Intentar recuperar un baúl con documentos pertencentes ao Tte. de alcalde José Domínguez.

Todo elo ao amparo da nova lei de Memoria Democrática.

**Camiño andado**

O pasado martes día 13 xa houbo unha reunión con representantes do grupo de goberno municipal (alcaldesa Marta e ttes. alcaldes Ernesto e Andrés) onde se trataron dous dos temas básicos para acadar o primeiro dos obxectivos, erguer o monumento, relativos ao texto e ao lugar onde ubicalo.





- O texto recollería. "ESPAZO DA MEMORIA", " O pobo de Salvaterra de Miño en recoñecemento ás vítimas do golpe de Estado de 1936"

- O lugar. A proposta da plataforma foi a colocación da placa na fonte ubicada no parque que está diante do mercado municipal. (Deste xeito transformamos unha fonte con vestixios franquistas nun espazo da memoria)

Estas dúas propostas, texto e lugar, están pendentes da aprobación do resto de compoñentes do grupo municipal.

# X Edición do concurso "Slogans contra a Violencia de Xénero 2020"

O Concello de Salvaterra de Miño, a través do Programa de Educación e Intervención Familiar do Departamento de Servicios Sociais, convocou á X edición do Concurso Slogans contra a Violencia de Xénero, dirixido ao alumnado do IES de Salvaterra.

A iniciativa consiste en confeccionar marcadores de páxinas cun slogan que transmita con claridade unha mensaxe que fomente a igualdade, a tolerancia, a non violencia e a desmitificación de estereotipos. Neses marcadores se incluirán igualmente números de teléfono e enderezos a onde se dirixir, en caso de coñecer ou ser víctima dunha situación de malos tratos.

O concurso conta con 4 premios. Tres deles valorados en 50€ poderán ser trocados por material educativo, deportivo, roupa e/ou música e un primeiro premio, valorado en 150 €, que será o slogan gañador e se converterá no lema da campaña de prevención e sensibilización de 2021.

O Concello leva anos traballando cos máis novos na prevención deste tipo de violencia a fin de que, dende idades tempranas, se establezan as bases para relacións sans e saudables.



# O Castelo de Sobroso recuperará o seu esplendor grazas á Deputación de Pontevedra

## Será no verán de 2021, cun proxecto de musealización de 300.000 euros de investimento



*Un dos bocetos do proxecto de musealización.*

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, presentaron o proxecto de musealización do Castelo de Sobroso, que será posible grazas a un orzamento da Deputación valorado en 300.000 euros, co obxectivo de salientar o seu pasado medieval con tecnoloxías do século XXI.

O proxecto, que estará listo para o verán de 2021, ten un carácter "vangardista, innovador, tecnolóxico, que falará da historia, do patrimonio e da cultura dende unha contorna medioambiental incomparable", asegurou Silva.

Pola súa banda, o alcalde ponteareán destacou como este proxecto, grazas ás innovacións tecnolóxicas audiovisuais, permitirá observar "a importancia do castelo non só para Galicia, senón tamén para Portugal", afondando na rica historia desta fortaleza símbolo do patrimonio histórico e cultural da comarca do Condado, pero "tamén provincial e do país", destacou Represas.

O goberno provincial xa aprobou o proxecto, incluído na partida dos Orzamentos de 2021, a falta de concretar a licitación, cun prazo de execución de catro meses.

O proxecto de musealización contempla visitas dunha hora de duración en grupos reducidos de ata 15 persoas, utilizando como idiomas o galego, o castelán e o inglés, na modalidade de "turismo experiencial".

Serán sete proxeccións audiovisuais divididas en temáticas como **"Sobroso na paisaxe"**, con imaxes fotográficas da fortaleza medieval; **"O castelo, protagonista na Idade Media"**, que tratará de personaxes históricos vinculados a Sobroso como Urraca I de León, Alfonso VII de León, Dinis de Portugal e Isabel de Aragón; **"O castelo, da destrución á recuperación"**, con tecnoloxía do "videomapping" (proxección sobre elementos) para resaltar a sillería das paredes do castelo; **"Os seres máxicos e a auga"** sobre as lendas dos bosques de Sobroso; **"A construción do castelo"** que, dende o corpo da torre da homenaxe, presentará o oficio da cantería na construción do castelo; e finalmente **"Os castelos, escenario de trobadores"**, que rememorará a lírica da Idade Media a través dos trobadores e as historias de amor. A visita guiada a Sobroso concluirá co acceso á terraza e á prominente torre da homenaxe.

Desde 2015, a Deputación leva investidos no Castelo máis de 1.275.000 euros. O castelo de Sobroso recibe preto de 20.000 visitantes anuais. A pesares dos efectos da pandemia, neste 2020 recibiu a 11.000 persoas.

# Deputación de Pontevedra presentou o Orzamento 2021 co foco na Axenda 2030 e a reactivación económica

## Serán 164,5 millóns de euros nun marco de solvencia financeira




A Deputación de Pontevedra presentou o seu proxecto de Orzamentos 2021, que contará con dous eixes estratéxicos: o cumprimento da Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como principal folla de ruta; e o reforzo do investimento público como ferramenta para dinamizar a actividade económica e a xeración de emprego.

A presidenta Carmela Silva e o vicepresidente Cesar Mosquera presentaron este orzamento, que se incrementa ata os 164,5 millóns de euros, un 2,2% máis que en 2020, e cunha situación de solvencia financeira, con a penas 3,8 millóns de débeda, moi diferente aos 41 millóns de euros de débeda existente en 2015. O orzamento consolidado, contando coa Escola de Enfermería e o Consorcio Contra Incendios, alcanza os 168,1 millóns.

A Axenda 2030 está presente co plan de traballo "Obxectivo Pontevedra Provincia, Alianza Local #17ODS", que reforza a política social, a innovación e a dixitalización, a reactivación de sectores estratéxicos como a cultura e o turismo, e o mantemento da igualdade e o medio ambiente como eixos prioritarios.

Tamén destaca o Plan Concellos como reforzo do investimento público cara á reactivación económica, co foco nas infraestruturas e a mobilidade sostible, sectores produtivos, emprendemento e pemes, investigación e innovación, e á loita contra o despoboamento nun equilibrio sustentable do territorio, entre outros obxectivos.

O vicepresidente Mosquera informou que estes orzamentos poderán superar de largo os 200 millóns de euros cando se incorporen os remanentes de 2020, que superaran os 20 millóns de euros, e tamén a inxección de cartos europeos dos Fondos Comunitarios 2021-2027 e do Fondo de Reactivación Económica.

Grazas ao Plan Concellos, a Deputación volve a ser a administración provincial de todo o Estado que máis transferencias realiza aos municipios, achegando un 35,34% dos recursos, duplicando a media do 18,2 do resto das Deputacións provinciais.

En 2021, as achegas aos Concellos aumentarán ata os 61,2 millóns de euros, un 9,68% máis que en 2020. Mantense as condicións de flexibilidade de axudas derivadas dos efectos socioeconómicos da pandemia, que poden mobilizar ata 6 millóns de euros.

En canto a sectores, o reforzo da política social terá un incremento dun 3%, chegando aos 17 millóns de euros. En medio ambiente e políticas de sostenibilidade, o orzamento presenta un notable aumento de case un 11%, ata os 35,5 millóns de euros,

A reactivación cultural, do turismo e do deporte (21 millóns de euros) das políticas de igualdade (1,4 millóns de euros) son outras das apostas orzamentarias chave. En canto á administración provincial, a busca da eficiencia e da innovación reforzarase cun orzamento de 28 millóns de euros, un 3,65% máis que en 2020.

Paralelamente, o vicepresidente Mosquera informou que está a elaborar un Plan Estratéxico de captación de Fondos Europeos, baseado nas liñas que marcan a nova estratexia como a axenda verde, a axenda urbana, a sustentabilidade, innovación, dixitalización e a aposta polo I+D+I, que xunto aos remanentes, suporá unha inxección de cartos moi importantes para poñer en marcha un Plan Especial para a provincia.

# PP Ponteareas esixe a dimisión do goberno municipal polo N-120




O Grupo Municipal do Partido Popular en Ponteareas pediu un pleno extraordinario coa finalidade de esixir a dimisión do alcalde Xosé Represas Giráldez (BNG) e da segunda tenente de alcalde María Jesús Garrote Represas (PSdG) polo que considerou como "fracasos" nas súas xestións ante o goberno central en febreiro de 2019 polos investimentos da N-120 e da circunvalación da vila.

Tras recibir o borrador dos Orzamentos do Estado 2021, o PP considerou que Ponteareas perde os 27 millóns de euros para a N-120 e a súa variante, e só recibirá, en caso de aprobarse este borrador, uns 100.000 euros para a circunvalación. Deste xeito, os "populares" denuncian que Ponteareas "desapareu do mapa de investimentos previsto polo Goberno central".

Anunciaron igualmente a posibilidade de mobilizacións para que no orzamento final devólvase o diñeiro comprometido en 2018 polo entón goberno de Mariano Rajoy, ou cando menos unha cantidade que permita acometer a mellora da N-120.

# Damián Copena Rodríguez gaña o VIII Premio "Fermín Bouza Brey"



O concelleiro de Cultura de Ponteareas, Fernando Groba, anunciou que o Doutor en Economía e profesor da Universidade de Oviedo, Damián Copena Rodríguez, resultou gañador do VIII Premio de Investigación "Fermín Bouza Brey 2020".

Copena Rodríguez levouse este premio, avaliado en 3.000 €, pola súa investigación sobre o "Manexo comunitario dos recursos naturais: pasado, presente e futuro dos montes veciñais en man común de Ponteareas". O xurado destacou o valor científico e os obxectivos realistas desta investigación, así como a importancia da economía ecolóxica e a posta en valor dos baldíos de Ponteareas.

Utilizando o método do Premio Nóbel (2009) estadounidense Elinor Ostrom sobre o manexo comunitario dos recursos naturais, a investigación do profesor Copena analiza a dinámica histórica dos montes veciñais de Ponteareas e en que medida foron cumpríndose os principios de Ostrom en materia de xestión e manexo comunitario a partir da acción colectiva.

# O PP solicita declarar nula a limitación de paso a vehículos de motor que estableceu o bipartito en varias rúas

O Grupo Municipal do PP interpuxo un recurso potestativo de reposición, previo á vía xurisdicional, para anular os cambios e prohibicións de circulación que o bipartito anunciou no BOPPO en relación á regulación de accesos, circulación e estacionamento de vehículos nas rúas Baratillo, Rogelio Groba, Praza Perillana, Praza Maior e outras.

Os populares consideran que a resolución que se dita vulnera o Real Decreto lexislativo 6/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, por canto en virtude do devandito artigo "non existe competencia do Concello para limitar o acceso ás rúas indicadas na resolución dos vehículos de veciños residentes con prazas de garaxe nin obrigarlles baixo pena de sanción a obter unha tarxeta identificativa"

"É certo que corresponde aos municipios a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se cometan nas devanditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración. Con todo, o Concello non ten competencia para a limitación ao acceso das rúas relacionadas, se non existe unha Ordenanza que o regule e nestes momentos non a hai, por iso recorremos esta resolución", explican os populares.

O mesmo que debería existir un Plan de Emerxencias municipal que defina con claridade como deben actuar os servizos de ambulancia, bombeiros e outros nestas rúas e prazas pechadas ao tráfico, e en rúas cun único sentido.

O PP lamenta a falta de diálogo do Goberno local que provocou o malestar de moitos veciños da zona ao atoparse, sen aviso previo/previo aviso, con "carteis pegados nos que se lles prohibía o paso e convidábaselles a sacar unha tarxeta acreditativa para poder entrar nestas rúas e prazas aínda sendo residentes e tendo as súas prazas de garaxe. Os populares solicitan que se impugne a resolución así como as posibles sancións que puidesen derivar da mesma e solicitan ao pleno da corporación que se declare nulo este anuncio por ser contrario ao ordenamento xurídico.

# O Concello recorre a unha póliza de tesourería para facer fronte ás débedas

O PP lamenta a mala xestión que está a facer o bipartito cos recursos económicos do Concello.

Segundo os populares, despois dun gran axuste económico realizado polo PP ,entre os anos 2011 e 2015, que permitiu unha recuperación económica e sanear as contas do municipio, agora dáse un "xiro de 180º que volve colocar á Vila do Tea ao bordo da bancarrota".

"Xa informamos que a situación era crítica. Acábase de asinar un novo préstamo de dous millóns de euros, tal e como anunciamos hai un mes, co banco Sabadell, para facer fronte aos desfasamentos económicos que está a xerar a falta de previsión e malgasto deste bipartito. Que non nos engane máis. Pide créditos para poder cadrar as súas contas e non para investir. O mesmo dixeron fai catro meses cando solicitaron un millón de euros de anticipo á Deputación, e agora de novo non teñen crédito", di o PP.

"O alcalde ou non se decata ou nos quere enganar. Mente cando di que os datos son favorables. Falta á verdade cando di que os provedores están a cobrar a 13 días, están a facelo a 43, incumprindo a lei. Os informes da Tesourería Municipal veñen advertindo os últimos trimestres que estamos en negativo porque hai moitos máis gastos que ingresos. Está a xerarse unha bóla de endebedamento que hipotecará o futuro das próximas corporacións".

O PP solicitará explicacións ao bipartito para que expliquen porqué o ano pasado celebraron ao grande o superávit e agora recorren a créditos millonarios.

# Ponteareas recibe 200.000 euros de axuda para reformar 5 escolas rurais

A primeira tenente de alcalde e concelleira de ensino do Concello de Ponteareas, Cristina F. Davila, informou da consecución dunha subvención de 199.377,25 euros para acometer obras de reforma e eficiencia enerxética nas escolas de Areas, Moreira, Parada (Xinzo), Pías e Ribadetea, integradas no Colexio Rural Agrupado (CRA).

O Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE), do Ministerio de Transición Ecolóxica, aprobou o proxecto para mellorar a eficiencia enerxética de cinco escolas unitarias integradas no CRA. As actuacións, valoradas en 269.004,31 € dos que o Concello aporta 69.627,06 €, concretaranse na mellora do illamento térmico, carpintería exterior e redución das emisións de dióxido de carbono, previstas nun 33%, cumprindo así co principio europeo de eficiencia enerxética.



*A concelleira de Ensino visitando unha das escolas rurais para planificar as obras de mantemento realizadas nestes últimos cinco anos.*

Cabe destacar que o Concello de Ponteareas, con máis de 23.000 habitantes, conta con dous CEIP no rural e seis escolas rurais que atenden a máis de 11.000 rapaces. Nos CRA están matriculados 79 nenas e nenos que se beneficiarán desta mellora.

A subvención do IDAE procede de fondos europeos FEDER 2014-2020. O goberno municipal dispón de seis meses como máximo desde a notificación da resolución para iniciar a tramitación dos procedementos de contratación e dun ano para formalizar as contratacións.

# A Xunta de Galicia outorga ao Concello de Ponteareas unha máquina esparcidora de sal para evitar accidentes no inverno

O Grupo Municipal do PP agradece á Xunta de Galicia o novo equipamento para emerxencias que acaba de adxudicar, segundo publicación no DOG, ao municipio de Ponteareas.

"Todos os anos están a dotar de material e equipamentos aos concellos de menos de 50.000 habitantes. O ano pasado adxudicaron un remolque de emerxencias e para este 2020, Ponteareas recibe unha máquina esparcedora de sal, solicitada polo goberno bipartito. Con esta máquina Ponteareas pode mellorar a seguridade das súas vías urbanas e interurbanas, para evitar posibles accidentes e colisións nos meses de máis frío", explican os populares.

# Homenaxe a Carvalho Calero e Pedro Guisado en Ponteareas



Con motivo do 110 aniversario do nacemento de Ricardo Carvalho Calero (30 de outubro), o Concello de Ponteareas e as panadarías do municipio realizaron a súa homenaxe a través de bolsas de pan conmemorativas, e con material ecolóxico, coas caras impresas de Carvalho Calero e do tamén escritor Alfredo Pedro Guisado, acompañadas dunha breve biografía e dun poema.

A iniciativa partiu da Concellaría de Lingua de Ponteareas, coa pretensión de conmemorar tanto ao escritor homenaxeado co Día das Letras Galegas 2020 como tamén no caso de Pedro Guisado, figura literaria ponteareán e quen serviu de vínculo para Carvalho Calero co reintegracionismo. En 2021 conmemorarase o 130 aniversario do nacemento de Alfredo Pedro Guisado.

# Intervidos locais de hostalería por infrinxir o estado de alarma

En vésperas da entrada en vigor do decreto da Xunta de Galicia de suspensión por un mes da actividade hostaleira ante o avance da COVID 19, a Policía Local de Ponteareas víuse na obriga de intervir varios locais de hostalería ante a notoria aglomeración de clientes que superaban os límites de aforo, algúns deles sen mascarilla e consumindo na vía pública.

Segundo explicou Roberto Mera, concelleiro de Bo Goberno e responsable de Convivencia Cidadá, "o nivel de irresponsabilidade de certas persoas é incríbel e indignante", toda vez Ponteareas está no nivel de alerta vermella polos contaxios.

O Concello de Ponteareas está tramitando ducias de expedientes sancionadores a persoas e locais que incumpriron as normas establecidas desde o inicio da pandemia.






CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

# O Concello de Ponteareas colabora con Cáritas na xestión de residuos textiles

O Concello de Ponteareas, segundo informa a concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo, asinou con Cáritas un convenio de colaboración para a xestión de residuos téxtiles. Grazas a este convenio colocaranse varios colectores na rúa para a recollida de roupa e materiais téxtiles que serán xestionados posteriormente pola empresa á que Cáritas encarga éste servizo "Servicios Comerciales de Inserción Laboral", entidade que ten como obxectivo a creación de postos de traballo de inserción socio-laboral mediante a correcta xestión de residuo téxtil.



Nunha primeira fase instalanse colectores textiles na Avda. de Galicia, Avda. Castelao e Rúa Redondela no núcleo urbano e nas parroquias de Santiago de Oliveira, Bugarín, Guillade, Areas, Moreira, ademais de no Punto Limpo.

Ésta acción enmarcase nos obxectivos da estratexia de cambio "Ponteareas hábitat saudable", "temos que evitar que a maioría dos residuos textiles acaben nos vertedoiros e traballar na liña marcada pola Unión Europea para establecer unha recollida separada para os residuos téxtiles ao máis tardar o 1 de xaneiro de 2025", indicou a concelleira nacionalista

Poderá depositarse roupa e calzado en bo estado dentro de bolsas pechadas e non moi voluminosas.

# Premios dos Xogos Florais de Ponteareas



A Concellaría de Cultura do Concello de Ponteareas, que dirixe o nacionalista Fernando Groba Bouza, entregou os premios da V edición do certame de poesía Xogos Florais.

As persoas vencedoras desta edición foron: na categoría infantil, Marina Darriba Barbosa -co poema titulado "Azul"-, Arón Pregal Pérez -con "O can"- e Lucas Días Gómez -con"O Condado Paradanta"; na categoría xuvenil, as persoas galardoadas foron Elia González García -polo seu poema "O meu mundo", Jennifer Abal da Silva -con "Dunha nena orfa"- e Melisa López Muñoz -con "O vacío". E, na categoría adulto, Rosa María Novoa Vázquez -con "Primavera Punk", Ana Belén Fernández Melón -con "Blasfemias"- e Dina Carpente -con "Inimigo invisible"-.

O xurado, que o conformaron o filólogo, profesor, dramaturgo e escritor polifacético Roi Vidal Ponte, a avogada e escritora Isabel Blanco e o filólogo, profesor e concelleiro de Cultura Fernando Groba, valorou "a calidade poética e lingüística dos textos así como a súa orixinalidade e capacidade de evocación".

# Brais Vázquez, Martiño Rama e Alba Campos gañan o Ai mamasiña que medo!

O Concello de Ponteareas premia os tres mellores relatos de medo polo Samaín na IV edición do concurso Ai amasiña que medo!

O primeiro premio foi para o relato "O gato da mala sorte", de Brais Vázquez da Silva; o segundo, para "Nunca volverá", de Martiño Rama Hombreiro; e o terceiro, para "Ai mamasiña que medo", de Alba Campos Rodríguez. O xurado, que estivo composto por Manrique Fernández (xornalista e escritor), por Pilar Alonso (poeta) e Fernando Groba (concelleiro de Cultura e filólogo), salientou "a alta participación e a calidade dos textos que se presentaron". Subliñou tamén que "valoramos, sobre todo, a capacidade daqueles textos que fomentan o medo mais sen a necesidade de seren sanguinarios". Os textos gañadores publicaranse na páxina de facebook da Concellaría de Cultura (https://www.facebook.com/visitponteareas/).








# Comezan as obras da 1ª fase do Plan Integral de Mellora da Accesibilidade nas Neves 2019-2023



O Concello das Neves ten conciencia e compromiso, sobre a urxente necesidade de resolver diversas problemáticas en materia de accesibilidade e mobilidade.

No Plan Integral recóllese unha análise dos diferentes puntos da xeografía municipal onde foron identificados verdadeiros problemas de accesibilidade, principalmente en asentamentos de poboación vencellados ao ámbito do medio rural. Dito estudo identifica as problemáticas e analiza as posibles solucións, avaliando economicamente o seu custe, de feito que, ademais, xerarquiza as actuacións en función do número de persoas ou poboación que se verá beneficiada logo da súa resolución.

Esta primeira fase comprende actuacións camiños de Porteliña e Piñeiro en San Cibrán de Ribarteme, da Capela e Outeiro en San Pedro de Batalláns, e no camiño de Leiradiño en Taboexa. Nun dos camiños retirarase o punto de enerxía eléctrica que actualmente está no medio da vía. Noutros dous casos, os traballos incluirán a necesidade de execución de muros de contención. Finalmente todas as actuacións serán rematadas con aglomerado asfáltico coa instalación previa de rede de saneamento nunha delas.

A actuación que agora comeza comprenderá traballos en 1.952 metros cadrados e terán un custe total de 80.230,03€ financiados completamente a través do 'Plan Concellos 2020' da Deputación de Pontevedra.

# Ponteareas presentou á Xunta as súas prioridades municipais



Con motivo da primeira visita institucional de María Xosé Piñeiro, delegada territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, o alcalde de Ponteareas Xosé Represas e a tenente de alcalde Chus Garrote trasladaron as prioridades que para o 2021 ten este Concello, e que foron consensuadas e aprobadas por unanimidade no pleno da Corporación municipal.

Entre estas prioridades destacan as relacionadas con saneamento e abastecemento municipal nas parroquias de Moreira, Ribadetea e San Mateo de Oliveira; a mellora da seguridade viaria na estrada autonómica PO-403 dende o enlace coa A-52; o proxecto de transformación da Avenida Castelao en base ao Plan de Mobilidade Municipal; a eficiencia enerxética nos centros educativos; reformas dos CEIP Fermín Bouza Brey e Oliveira; a ampliación do Centro de Saúde; e a compensación por parte da Xunta para os gastos de hixienización nos centros educativos motivados pola COVID 19.

# Concello de Ponteareas condenado por negar acceso a documentación

Juan Carlos González Carreira, voceiro municipal de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP), informou que o Xulgado Contencioso-administrativo Nº 1 de Pontevedra condenou ao Concello de Ponteareas, a través do Procedemento Ordinario 386/2019, por negar o acceso aos concelleiros de determinada documentación.

A condea remítese á negativa do Concello ao acceso aos partes diarios (sesenta folios en total) de turnos realizados polos Policías locais e auxiliares durante os meses de xullo e agosto de 2019, e as actas de inspección realizadas pola Inspección de Traballo e de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na residencia Santa Ana no 2019, e que afectan aos intereses da veciñanza. Unha actitude que ten sido "reiterativa nos derradeiros cinco anos", segundo denunciou ACiP.

A demanda foi presentada polo voceiro de ACiP en datas de 16 de setembro e 1º de outubro de 2019, na súa condición de voceiro municipal desta formación política, conforme dispón o artigo 77 da Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA).

A demanda interposta baséase na vulneración do dereito fundamental do artigo 23.1 CE. Neste sentido, o xulgado decidiu rexeitar as excepcións de inadmisión esgrimidas polo Concello de Ponteareas e estimar o recurso contencioso-administrativo de ACiP nesta vía xudicial, pola súa congruencia coas solicitudes presentadas.

A condea ao Concello de Ponteareas contempla a entrega inmediata da copia da documentación solicitada e o pago das costas do proceso, cun límite máximo de honorarios de 700 euros. A senteza é recurrible pero contundente nas conclusións do xuíz.

## FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

# Histórica reunión das nove Entidades Locais Menores de Galiza no Castelo de Sobroso



As alcaldesas e alcaldes das Entidades Locais Menores de Galiza reuníronse no Castelo de Sobroso, que cedeu a Deputación de Pontevedra para tal fin, na parroquia de Vilasobroso que tamén é unha Entidade Local Menor.

Os alcaldes-presidentes de Arcos da Condesa, Bembrive, Berán, Camposancos, Chenlo, Morgadáns, Pazos de Rei, Queimadelos e Vilasobroso intercambian as experiencias e o día a día na xestión das administracións locais que representan.

